

## **AUTORAS E AUTORES DE *CUMIEIRA*, vol. 2 (2017)**

### **SUSANA BRANDARIZ VARELA.**

Nada en Cambre (A Coruña), é licenciada en Filoloxía Inglesa pola Universidade de Santiago de Compostela (1995) e licenciada en Tradución e Interpretación, na especialidade español-inglés, pola Universidade de Vigo (2009). Tamén na Universidade de Vigo se graduou en Estudos de Galego e Español (2016), á vez que exercía como tradutora por conta propia. Durante os anos 2015 e 2016 foi bolsreira da Área de Normalización Lingüística desta mesma universidade.

### **DARÍO ÁLVAREZ MOURE.**

Naceu na Cañiza (Pontevedra) en 1993 e é graduado pola Universidade de Vigo dende 2015 en Estudos de Galego e Español, na mención de «Lingua e Literatura Galegas». Posteriormente cursou o «Mestrado en formación de profesorado para linguas oficiais», na mesma na Universidade. É membro do grupo musical de rap Loucost.

### **ESTEFANÍA GONZÁLEZ ÁLVAREZ**

Naceu en Saxamonde (Redondela - Pontevedra) no ano 1993 e graduouse en 2015 na Universidade de Vigo en Estudos de Galego e Español, na mención de «Lingua e Literatura Galegas». No curso 2016-17 cursou o Mestrado universitario en «Profesorado de educación secundaria», na especialidade de linguas oficiais, na mesma Universidade.

### **NURIA DÍAZ GUEDELLA**

Naceu en 1993 en Sober, na comarca da Terra de Lemos (Lugo) e entre os anos 2012 e 2016 cursou o Grao en Educación Infantil na Universidade de Vigo (Campus de Ourense). No curso 2016-17 realizou na Universidade de Santiago de Compostela o Mestrado Interuniversitario en «Estudos avanzados sobre a Linguaxe, a Comunicación e as súas Patoloxías».

*Cumieira 2. Cadernos de investigación da nova Filoloxía Galega*

**ICÍA MOREIRAS VILLAMARÍN**

Naceu en 1994 en Pontevedra pero ao ano seguinte trasladouse a Mos. Graduouse en 2016 na Universidade de Vigo, en Estudos de Galego e Español, na mención de «Lingua galega e Lingua española». No curso 2016-17 realizou na mesma Universidade o Mestrado interuniversitario en «Lingüística aplicada». É coautora do traballo «Desde Bos Aires con amor: Cando o amor perdura trala morte» (en publicación), que aparecerá no libro *Tributo académico ao poeta e xornalista Avelino Díaz (1896-1971)* (Editora 3D1TOR4).

**ANDREA CASTELO VEIGA**

Naceu en 1994 en Pontearreas (Pontevedra) e graduouse en 2016 en Estudos de Galego e Español, na mención de «Lingua galega e Lingua española», na Universidade de Vigo. Entre 2015 e 2016, foi bolseira do Departamento de Filoloxía Galega e Latina desta mesma universidade. No curso 2016-2017 realizou na Universidade de Vigo o Mestrado universitario de «Profesorado de Educación Secundaria», na especialidade de linguas e literaturas oficiais. É autora do artigo «Actualidade e vitalidade da lingua mirandesa», aparecido en *Cumieira* (vol. 1 2016).